

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Xustiza Social e Coidados

*Bases reguladoras para a concesión de bolsas comedor curso 2016-2017*

#### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS COMEDOR, CURSO 2016- 2017**

##### **1.-OBXECTO.**

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de bolsas de comedor para o curso 2016-2017 destinadas a familias do concello da Coruña en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo, que serán incompatibles con calquera outra axuda doutras institucións públicas ou privadas que puidera percibirse coa mesma finalidade.

O sistema de acceso a estas bolsas de comedor estará supeditado ás prazas dispoñibles para este servizo en cada centro escolar e ao presuposto destinado a tal fin en cada convocatoria anual. O compromiso de gasto para 2016 e 2017 estará subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento municipal.

##### **2.-REQUISITOS.**

1. Para ser beneficiarios das axudas reguladas nestas bases, os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar empadroados, residir de forma efectiva no concello da Coruña e convivir cos menores de idade para os que se solicita a bolsa. Dado o carácter municipal destas axudas, este requisito deberá manterse durante todo o curso escolar, agás as excepcións que serán valoradas polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

b) Ser o/a proxenitor/a, ostentar a tutela legal do menor ou menores para os que solicite a bolsa ou ter concedido o acollemento familiar destes (base 3).

c) Estar os menores matriculados (ou ter solicitada a praza) en centros escolares públicos ou concertados do termo municipal da Coruña que conten con servizo de comedor en 2.º ciclo de educación infantil, educación primaria, secundaria obligatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

d) Non ter cumpridos os 18 anos de idade con anterioridade ao comezo do curso escolar.

e) Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar, agás os meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo. Non se admitirán solicitudes na modalidade de fixos discontinuos nin esporádicos.

f) Non superar a renda per cápita máxima de 4.200,00 € anuais, de conformidade co baremo establecido na base 9.

g) Presentar no prazo establecido a solicitude e toda a documentación preceptiva.

h) Alcanzar un mínimo de 12 puntos para acceder ao servizo, en aplicación do baremo

i) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións derivadas da participación neste programa, no caso de ser beneficiario/a da bolsa o curso anterior.

2. Os requisitos deben cumprirse na data de presentación de solicitudes e serán valorados segundo indique a documentación aportada nesa data. As circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria non se considerarán “sobrevindas”, de acordo co definido nestas bases.

3. Excepcionalmente e previo informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, poderanse ter en consideración outros requisitos sempre e cando a obtención da bolsa de comedor sexa en beneficio dos menores da unidade familiar, ou consecuencia dun proxecto de intervención coa familia solicitante. Esta excepción será aplicable tamén ás bolsas por causa sobrevinda recollidas na base 6.

##### **3.-DESTINATARIOS.**

1. Serán destinatarias desta convocatoria as unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados en centros de ensinanza do termo municipal da Coruña sostidos con fondos públicos que conten con servizo de comedor.

2. Para os efectos desta convocatoria, se considera que forman a unidade familiar de convivencia os seguintes membros:

- Os cónxuxes, titores legais, familia de acollida ou parellas de feito
- Os fillos maiores e menores de idade residentes no domicilio familiar
- Os ascendentes dalgún dos cónxuxes/proxenitores que convivan no mesmo domicilio.
- Outras persoas con lazos familiares que convivan no mesmo domicilio.

3. Teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

a) Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. (Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

b) Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da bolsa será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

c) No suposto de acollemento, o destinatario da bolsa será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

d) En ningún caso poderán ser destinatarios da bolsa os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública, (agás os casos de acollemento familiar do apartado anterior). No caso de ter a tutela unha institución pública, os menores tutelados só poderán ser beneficiarios de bolsa de comedor se se acredita que o seu centro escolar ten xornada partida e a distancia entre ese centro e a residencia de acollida non aconsella o uso do transporte escolar.

4. Os ingresos de todos os membros mencionados serán tidos en conta a efectos de determinar a situación económica da unidade de convivencia nos termos recollidos nestas bases.

#### **4.-DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

##### **Dereitos:**

- A recibir a prestación do servizo de comedor de forma continuada todos os días lectivos do mes durante o curso escolar (de setembro a xuño), sempre que o centro escolar ofrezca o servizo durante eses meses.

##### **Obrigas:**

- Cumprir co establecido nestas bases
- Manter a escolarización dos/das menores e a asistencia ao comedor escolar durante todo o curso escolar.
- Cumprir coa normativa específica reguladora do funcionamento de cada comedor escolar.
- Aboar puntualmente a parte do importe do servizo de comedor escolar do menor ou menores non financiada polo programa municipal
- Atender os requirimentos do persoal técnico dos servizos sociais municipais cando así se lle solicite, así como comunicar a estes calquera incidencia relacionada coa concesión e xestión destas bolsas, incluído o cambio de domicilio.

#### **5.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

As solicitudes deberán presentarse debidamente cumprimentadas e coa documentación indicada na Base 8 nos Rexistros Xerais do Concello da Coruña ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou normativa que a substitúa cando entre en vigor.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán presentarse no Impreso xeral de solicitude municipal asinado pola persoa solicitante (pai/nai/titor/a) no que se especificará o nome do menor ou menores, o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa de comedor, acompañado da documentación preceptiva indicada na Base 8 e os Anexos 1 y 2 debidamente cubertos e asinados.

Os devanditos impresos serán facilitados nos Rexistros municipais sitos na Praza de María Pita, 1, Fórum Metropolitano (R/ Río de Monelos s/n), Centro Ágora (R/ Ágora, s/n) e CCM Mesoiro (R/ Ancares s/n). A información máis detallada sobre estas bolsas facilitarase nos Centros Cívicos Municipais e no teléfono 010 de información cidadá.

## 6.-BOLSAS POR CAUSAS SOBREVINDAS.

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar, cando con posterioridade á finalización do devandito prazo concurra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación de certificado escolar, inscrición no padrón municipal ou outra documentación suficientemente xustificativa.
- b) Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- c) Cambios na situación sociofamiliar que teñan como consecuencia o risco social dos menores, que será valorado e xustificado mediante informe técnico municipal descritivo da devandita situación. Non se considerarán causas sobrevividas os cambios nas circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria que non deriven nas circunstancias indicadas.

Estas solicitudes presentadas fóra de prazo por causa sobrevinda deberán cumprir os mesmos requisitos indicados nesta convocatoria e aportar toda a documentación preceptiva. Ademais mediante cita previa, as persoas solicitantes deberán acudir ao seu centro cívico municipal de referencia para que a posible situación sobrevinda sexa valorada polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, que emitirán informe acreditativo do cumprimento dos requisitos que se achegará á solicitude.

O persoal técnico de referencia indicará as persoas interesadas a documentación que deben presentar polos medios sinalados na Base 5. Unha vez recibida, e se é insuficiente ou está incompleta, requirirase ao interesado para que nun prazo de 15 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Transcorrido ese prazo sen que a persoa interesada tivese procedido á emenda correspondente, a devandita solicitude entenderase desestimada.

## 7.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A valoración total da situación familiar realizarase sobre a base da documentación actual achegada no expediente de solicitude, sen prexuízo de que de estimarse oportuno poida requirirse outra documentación para fundamentar a valoración.

Para poder valorar a devandita situación teranse en conta os seguintes factores:

- A. Situación laboral dos proxenitores ou titores legais dos/as menores
- B. Situación económica da unidade familiar de convivencia. Teranse en conta preferentemente os datos económicos máis actualizados da unidade familiar correspondentes ao ano en curso. Cando isto non sexa posible, teranse en conta os datos fiscais máis recentes que se poidan certificar.
- C. Situación sociofamiliar da unidade de convivencia. Valoraranse circunstancias como familia numerosa, violencia de xénero, grao de discapacidade na unidade familiar (mínimo 33% de grao acreditado), etc

A puntuación total que se obteña despois de valorar cada solicitude será a resultante de sumar os puntos de cada un dos apartados A, B e C sinalados.

## 8.-DOCUMENTACIÓN.

1. É obrigatoria a presentación da documentación que se relaciona nestas bases correspondente a todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio, maiores de 18 anos e con lazos familiares coa persoa solicitante. A falta de presentación destes documentos no prazo establecido, necesarios para unha valoración completa, suporá a desestimación da solicitude da bolsa obxecto desta convocatoria

2. Cando non sexa posible achegar a documentación requirida por razóns alleas á persoa solicitante, a devandita falta poderá ser emendada mediante declaración responsable, sendo esta circunstancia obxecto de valoración polos servizos sociais municipais. En ningún caso esta declaración responsable substituirá documentos de obrigada presentación e que deban obrar en poder das persoas solicitantes.

3. Cando no prazo establecido se presenten xustificantes de ter solicitado algunha documentación necesaria para a valoración das solicitudes, os documentos pendentes achegaranse nos Rexistros municipais en canto sexan recibidos.

4. Documentación:

- A. Impreso de "Solicitude" xeral municipal completamente cuberto, no que se especificará, ademais dos datos persoais e de contacto da persoa solicitante, o nome dos/das menores para os que se solicita a bolsa, o seu centro escolar e o curso a realizar.
- B. Declaración responsable asinada con compromiso de cumprimento de obrigas e de residencia efectiva no termo municipal da Coruña cos/cas menores para os que se solicita a axuda de comedor escolar. (Anexo 1)
- C. Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.

- D. Fotocopia completa do Libro de familia, ou no seu caso, documentación que o substitúa.
- E. Fotocopia do Carnet de familia numerosa actualizado, no seu caso.
- F. Xustificante de empadramento e convivencia, que será consultado de oficio polos servizos sociais municipais segundo os datos do padrón municipal.
- G. Impreso de autorización para a obtención de datos tributarios do ano fiscal que corresponda de todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio maiores de 18 anos e con lazos familiares (Anexo 2). As persoas non obrigadas a declarar presentarán igualmente a devandita autorización.
- H. Informe de vida laboral, completo e actualizado, expedido pola Tesorería da Seguridade Social ou organismo que corresponda no caso de persoal funcionario.
- I. Xustificantes de ingresos:
- a) Traballadores/as en activo:
    - a.1. Traballadores/as por conta allea: fotocopia das 6 últimas nóminas
    - a.2. Traballadores/as autónomos: fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social. Teranse en conta como ingresos mínimos mensuais os da base de cotización á Seguridade Social.
  - b) Pensionistas: Xustificante da pensión mensual. As persoas perceptoras de pensións de incapacidade permanente total ou parcial deberán presentar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
  - c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio: certificado de prestacións do SEPE/INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido, e fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada cunha antigüidade mínima dun mes anterior á data da convocatoria.
  - d) Demandantes de emprego sen prestación: certificado do SEPE/INEM de non percibir axuda e fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada cunha antigüidade mínima dun mes anterior á data da convocatoria.
  - e) Perceptores/as de RISGA: Xustificante da contía mensual actualizada e copia do documento de notificación da concesión. Poderase eximir ás persoas perceptoras destas axudas de presentar documentación económica que xa obre en poder dos servizos sociais municipais, que non obstante se reservan a posibilidade de solicitar documentación considerada necesaria para a valoración das solicitudes, e que será requirida na publicación da lista provisional de solicitudes.
  - f) Outras prestacións: certificados emitidos polas administracións correspondentes (Xunta, Seguridade Social, etc) relativos a calquera outras prestacións: prestación por fillo/a a cargo, pensións non contributivas, salario da liberdade, etc.
- J. Situación familiar dos pais ou titores:
- a) No caso de separación ou divorcio: copias da sentenza e do convenio regulador, e xustificantes bancarios das aportacións económicas establecidas na devandita sentenza e actualizadas
  - b) No caso de unións de feito separadas con fillos recoñecidos no Libro de familia ou documento de análogo carácter: copia da sentenza de asignación de garda, custodia e alimentos, así como xustificante das achegas económicas establecidas na devandita sentenza e actualizadas. De non aportarse os devanditos documentos entenderase que non existe separación de feito, polo que ambos os dous proxenitores deberán presentar todos os documentos laborais e económicos esixidos a cada membro da unidade familiar.
  - c) En situacións de impago nos dous casos anteriores (a e b), presentarase copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar a devandita documentación considerarase que a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente estase a percibir, computando esas cantidades como ingresos efectivos.
  - d) No caso de menores en situación de garda e custodia compartida: xustificantes de ingresos de ambos os dous proxenitores, que serán valorados segundo o tipo de custodia: quincenal, semestral, anual...
  - e) En caso de acollemento familiar dos/das menores: copia da resolución administrativa, auto xudicial e/ou contrato de acollemento con indicación da contía establecida, de ser o caso.
  - f) Outras situacións: serán valoradas polo persoal técnico dos servizos sociais municipais
- K. En caso de formar parte da unidade familiar persoas maiores de 16 anos que estean estudando: certificado do centro de estudos no que se faga constar a devandita situación.

- L. Certificados de minusvalía dos membros da unidade familiar de convivencia emitido polo organismo competente da Xunta de Galicia (ou equivalente no caso doutra comunidade autónoma), cun mínimo certificado do 33 %.
- M. En caso de existencia de malos tratos na unidade familiar de convivencia que tiveran lugar nos últimos 3 anos a contar desde a publicación desta convocatoria: acreditación da situación de violencia de xénero, segundo recolle o art. 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, de 27 de xullo).
- N. En caso de residencia en casa de acollida ou piso tutelado para mulleres vítimas de violencia de xénero: certificado acreditativo da devandita circunstancia emitido pola entidade titular. De ser a casa ou o piso de titularidade municipal, este documento será solicitado de oficio polos servizos sociais municipais.
- O. Xustificantes do pagamento de aluguer/hipoteca. Estes documentos non son obrigatorios, pero serán necesarios se se quere acceder aos beneficios indicados na Base 9.B.3. Ao ter carácter voluntario non serán recollidos como “documentación pendente” nas listas provisionais que se publiquen, polo que é responsabilidade da persoa solicitante achegalos no primeiro prazo de solicitude se se quere optar ao desconto previsto.
- P. En caso de incompatibilidade horaria por motivos laborais ou formativos: certificación da empresa contratante ou do centro de formación no que figurará o horario laboral/formativo de duración estable e non puntual. Se hai dous proxenitores ou conviventes, a incompatibilidade debe acreditarse para ambos. Estes documentos non son obrigatorios, pero serán necesarios se se quere acceder aos beneficios indicados na Base 9.C.3. Ao ter carácter voluntario non serán recollidos como “documentación pendente” nas listas provisionais que se publiquen, polo que é responsabilidade da persoa solicitante achegalos no primeiro prazo de solicitude, se se quere optar á puntuación prevista.

## 9.-BAREMO.

As solicitudes serán valoradas segundo o seguinte baremo:

### A) Situación laboral dos pais ou titores legais dos/das menores:

	Situación	Puntos
A.1	Familia dun só proxenitor/a (monomarental/parental) en situación de desemprego, perceptora de pensións (PNC, RISGA, xubilación, invalidez, incapacidade...) ou salarios inferiores ao IPREM	7
A.2	Desemprego de ambos os dous proxenitores ou titores legais, ou que perciban pensións ou salarios inferiores ao IPREM	6
A.3	Familia dun só proxenitor/a (monomarental/parental) con emprego ou perceptora de pensións contributivas (xubilación, viudedade, incapacidade, invalidez...) cunha contía superior ao IPREM	5
A.4	Desemprego dun dos proxenitores ou titores legais, ou que perciba pensión ou salario inferior ao IPREM	4
A.5	Ambos os dous proxenitores en situación de emprego activo, perceptores de pensións ou prestacións con ingresos superiores aos establecidos polo IPREM	1

### B) Situación económica da unidade familiar de convivencia.

1. Para o cálculo desta puntuación teranse en conta os ingresos netos anuais de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia definida na Base 3 desta convocatoria. As unidades de convivencia de máis dunha familia residente no mesmo domicilio que soliciten bolsas independentes, serán valoradas en aplicación do baremo correspondente, contando o aluguer dividido entre tantas unidades familiares como convivan no mesmo domicilio.

(todas as cantidades redondeadas sen decimais)

	Situación económica da unidade familiar de convivencia Renda per cápita anual (RPC) *	Puntos
B.1	< 50% do IPREM ** (inferior a 3.195 €)	8
B.2	Entre o 50% e o 55% do IPREM (entre 3.196 € e 3.515 €)	6
B.3	Entre o 55% e o 60% do IPREM (entre 3.515 € e 3.834 €)	4
B.4	Entre o 60% do IPREM e 4.200 € (entre 3.834 € e 4.200 €)	2
B.5	Superior a 4.200 €	0

\* RPC: Ingresos netos anuais da unidade familiar de convivencia, divididos entre o n.º de membros da devandita unidade familiar

\*\* IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) vixente para 2016: 532,51 €/mes (6.390,12 €/ano con 12 pagas)

2. No caso de familia monomarental/parental que cumpra as condicións establecidas na Base 3.3.a), para a obtención da RPC anual dividirase o n.º real de membros da unidade familiar entre ese número máis un 0,5 de índice corrector.

3. No cálculo desta capacidade económica descontaranse gastos de aluguer ou hipoteca de vivenda habitual ata un máximo anual de 3.000 € previa presentación do último recibo, que deberá estar emitido pola persoa titular desa propiedade ou banco que formalizou o préstamo. No caso de hipotecas, descontaranse só aquelas nas que se acredite, mediante referencia catastral, que o recibo de amortización da hipoteca se corresponde coa vivenda de residencia e empadramento da unidade familiar.

Se a unidade familiar de convivencia percibe ingresos por aluguer doutras/s vivenda/s da súa propiedade, non poderán beneficiarse do desconto por aluguer/hipoteca da indicada como a súa residencia habitual, sexa cal sexa o importe percibido.

Os ingresos do resto de conviventes sen lazos familiares teranse en conta para contabilizar os gastos de aluguer ou hipoteca, estando obrigados a presentar a documentación acreditativa.

### C) Situación sociofamiliar da unidade de convivencia do menor:

Todos estes apartados deben acreditarse documentalmente segundo indícase na Base 8.

	Situación	Puntos
C.1	Familias numerosas con 4 fillos/as ou máis	5,5
C.2	Familias numerosas con 3 fillos/as, ou 2 no caso de ter éstes algunha minusvalía	4,5
C.3	Incompatibilidade cos horarios de comedor por cuestións laborais ou formativas	2
C.4	Residir en casa de acollida ou piso tutelado (ou similar) para mulleres vítimas de violencia de xénero	1
C.5	Existencia de malos tratos na unidade familiar de convivencia (últimos 3 anos)	0,5
C.6	Menores que estivesen institucionalizados ou estean en acollemento familiar sen remunerar	0,5
C.7	Existencia de problemas graves de saúde física e/ou psíquica do menor beneficiario (multiplicarase polo n.º de menores afectados)	1
C.8	Existencia de problemas graves de saúde física e/ou psíquica dalgún dos proxenitores, titores legais do menor solicitante ou membros da parella de convivencia (de afectar a ambos, esta puntuación multiplicarase por dous)	1
C.9	Existencia de problemas graves de saúde física e/ou psíquica dalgún outro membro da unidade familiar de convivencia non recollido nos apartados anteriores (por cada un deles/as)	0,2

## 10.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E CONTÍA DAS BOLSAS.

1. Para ser beneficiario das bolsas de comedor deberá obterse 12 ou máis puntos na valoración efectuada prevista nestas Bases, ademais de existir crédito suficiente na aplicación orzamentaria asignada.

2. As bolsas iranse concedendo ás familias con maior puntuación ata esgotar o crédito dispoñible. As familias que obteñan unha puntuación de 12 ou máis puntos e que non poidan seren beneficiarias de bolsa por esgotarse os fondos dispoñibles, quedarán en lista de espera ordenada de maior a menor puntuación. De existir máis dispoñibilidade orzamentaria poderase incrementar o número de bolsas

As solicitudes que proveñan de situacións posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes (Base 6 desta convocatoria) tamén incluíranse nesta lista de espera e ocuparán, segundo a puntuación alcanzada, o lugar que lles corresponda.

3. Sempre que se cumpra o requisito de ter servizo de comedor escolar, os menores beneficiarios de bolsa de comedor escolarizados en centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP), institutos de ensino secundario (IES) ou centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE), poderán beneficiarse da gratuidade dese servizo ao cubrir a bolsa de comedor a totalidade do seu custo. A devandita gratuidade manterase sempre que, de existir un cambio de centro escolar, o novo centro de destino continúe a ser un centro público con servizo de comedor. De ser concertado, deberá asumir a diferenza do custo do prezo de comedor como se indica no seguinte apartado.

No caso de estar matriculado nun centro sostido parcialmente con fondos públicos (centro privado concertado), a contía da bolsa de comedor será de 80 € como máximo. Será por conta das familias beneficiarias das bolsas de comedor facer fronte á diferenza que exista entre a bolsa concedida e o prezo do mesmo.

Con carácter excepcional, o persoal técnico dos servizos sociais municipais poderá propoñer mediante informe técnico que así o xustifique, o incremento do custo financiado polo concello das bolsas de comedor concedidas ata unha contía máxima de 98 €/mes, sempre que se cumpran algún destes requisitos: que a familia solicitante esté a realizar un proxecto de intervención social municipal, que sexa perceptora da RISGA, ou dalgunha outra axuda social similar de carácter periódico e non puntual. A devandita proposta técnica será realizada a iniciativa do persoal técnico, e aplicarase en igualdade de condicións ás bolsas por causa sobrevinda determinadas na Base 6.

O Concello aboará a contía establecida pola bolsa de comedor directamente ao centro escolar ou empresa que o xestione, nunca directamente á persoa solicitante. A bolsa de comedor non cubre gastos de seguro de comedor ou cotas de alta nas ANPAS, se os houber, que serán por conta das familias beneficiarias.

4. En caso de empate no total de puntos obtidos e para adjudicar as bolsas, terase en conta a puntuación obtida nos seguintes criterios de valoración:

- 1.º. Número de beneficiarios por solicitante, tendo preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
- 2.º. Maior puntuación no apartado B de valoración da situación económica da unidade familiar de convivencia.
- 3.º. Maior puntuación no apartado A de valoración da situación laboral dos pais ou titores legais dos/das menores.
- 4.º. Maior puntuación no apartado C de valoración da situación social da unidade familiar de convivencia dos/das menores.

#### **11.-TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.**

Desde o Programa municipal de traballo con familias, co visto bo da xefa de servizo de Acción Social, emitirase informe con proposta de resolución provisional. O órgano competente, por delegación da Xunta de Goberno Local, adoptará a resolución provisional.

A resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos do Concello, sito nas Casas Consistoriais, Praza de María Pita n.º 1, nas oficinas dos Rexistros municipais de Praza de María Pita, 1, Fórum Metropolitano (R/ Río de Monelos, s/n), Centro Ágora (R/ Ágora, s/n) e CCM Mesoiro (R/ Ancares, s/n), nos taboleiros dos Centros Cívicos Municipais, na web municipal ([www.coruna.es/serviciosociales](http://www.coruna.es/serviciosociales)) e no teléfono de información cidadá 010.

Na relación provisional reflectiranse as solicitudes non admitidas por incumprir requisitos, as admitidas a trámite completas e as admitidas que deberán emendar ou completar documentación. Os interesados cuxas solicitudes estean pendentes de subsanación terán un prazo de 15 días hábiles para presentar a documentación, advertindo neste último caso que, de non emendar en prazo, quedarán denegadas. As persoas beneficiarias de RISGA deberán presentar a documentación que se indique na relación provisional, quedando exentas de incluír aquela documentación que xa obre en poder dos servizos sociais municipais. As reclamacións presentadas á relación provisional de solicitudes consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas.

A resolución definitiva que se adopte e a relación de solicitudes admitidas publicaranse na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59.6.b e 60 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou normativa que a substitúa cando entre en vigor.

Tanto as listas provisionais como as definitivas publicaranse unicamente co número do documento de identidade das persoas solicitantes para salvagardar a identidade dos beneficiarios e solicitantes (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios substituirase pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto no artigo 61 da Lei Orgánica 30/1992 mencionada anteriormente, e en cumprimento da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

#### **12.-CONDICIÓN E INICIO DO SERVIZO.**

Publicadas as listas definitivas, as familias beneficiarias da bolsa disporán dun prazo máximo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación destas, para presentarse no Centro Cívico Municipal que lles corresponda e achegar a seguinte documentación:

- Anexo 4 cuberto e asinado, que será facilitado e selado polo propio Centro Cívico Municipal que corresponda.
- Certificado do centro docente que acredite o curso escolar no que o menor estea matriculado, só cando sexa diferente ao solicitado en prazo (por traslado, por asignación tardía da Xunta, etc), ou cando se trate dunha bolsa por causa sobrevinda.

Unha vez cuberto e selado, o Anexo 4 presentarse no comedor do seu centro escolar para o inicio do servizo. A presentación deste documento é obrigatoria para a súa incorporación ao comedor como beneficiario/a do programa, polo que as persoas beneficiarias que non entregaren o devandito documento no centro escolar non poderán utilizar o servizo de comedor

O incumprimento destes trámites nos prazos previstos será motivo de baixa no programa, como se recolle no apartado 13.2.d).

#### **13.-BAIXA NO SERVIZO.**

1. Respecto da ausencia do/da menor beneficiario/a do comedor, distinguirase entre:

a) Desistimento, é dicir, a baixa voluntaria do beneficiario no programa por renuncia expresa dos seus pais ou titores mediante presentación do Anexo 3 cuberto e asinado.

b) Suspensión temporal do servizo por motivos médicos ou similares, que serán valorados polos servizos sociais municipais tras revisión dos informes médicos correspondentes ou documentación achegada, e acreditarán a pertinencia ou non da continuidade no servizo.

c) Ausencia non comunicada aos servizos sociais municipais. A comunicación de ausencia ao centro escolar/comedor non se considera suspensión temporal, polo que será baixa por incumprimento das bases da convocatoria.

d) Baixa do programa, segundo se establece nos apartados do seguinte punto.

2. Poderase revogar a concesión da bolsa outorgada (e por tanto será baixa do programa) en calquera momento do curso escolar se se produce algún dos seguintes supostos:

a) O incumprimento dalgunha das condicións ou requisitos establecidos nestas bases.

b) Non comunicar aos servizos sociais municipais a ausencia do/da menor no servizo de comedor, tanto si ésta é temporal ou non.

c) A ocultación de información si ésta resultou determinante para a concesión da axuda.

d) Non realizar os trámites necesarios para o inicio do servizo no prazo previsto.

e) O mal uso do servizo, entendendo como tal o mal comportamento no comedor que impida ou prexudique o desenvolvemento normal da comida e provoque a expulsión do servizo según as normas de réxime interno do centro escolar para ese servizo.

f) A alteración das circunstancias que motivaron a súa concesión.

g) A falta de asistencia continuada ou intermitente ao comedor máis de 15 días lectivos, agás as excepcións contempladas no punto 1.b) desta mesma base.

h) O non pagamento de 2 cotas mensuais, seguidas ou alternas, por parte das familias.

3. O abono da cota do comedor correspondente á familia non implica a reserva de praza nin exime da asistencia ao colexio e ao comedor.

#### **14.-RECURSOS.**

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma prevista na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou normativa que a substitúa cando entre en vigor.


As reclamacións ás listas provisionais e definitivas publicadas rexeranse polo establecido nestas Bases. As reclamacións que resulten estimadas non terán, en ningún caso, carácter retroactivo.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa, e contra esta caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se for expresa, ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto (Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), ou normativa que a substitúa cando entre en vigor.

A tenente de alcalde responsable da Área de Xustiza Social e Coidados

Silvia Cameán Calvete





## ANEXO 1

D./D.ª: \_\_\_\_\_

con DNI/NIE/PASAPORTE: \_\_\_\_\_ e domicilio na rúa/Avda/Praza: \_\_\_\_\_

cidade: \_\_\_\_\_ CP: \_\_\_\_\_ Tfno. fixo: \_\_\_\_\_ Móvil: \_\_\_\_\_

Pai, nai, titor/a (indicar o que proceda) dos/das beneficiarios/as da bolsca:

1.º .....

2.º .....

3.º .....

**DECLARA BAIXO RESPONSABILIDADE SOLIDARIA:**

- Que acepta a totalidade das bases desta convocatoria de bolsa comedor
- Que de obter outra axuda ou bolsa para comedor para este curso 2016-2017 procedente de outra administración ou entidade pública ou privada, comunicarao ao Concello da Coruña.
- Que os/as menores foron beneficiarios de bolsa comedor deste programa no curso escolar anterior a esta convocatoria:  SI  NON
- Que, no caso de ser beneficiario/a este curso 2016-2017 do programa de bolsa de comedor do Concello da comprométese a:
  - Presentar no Centro Cívico Municipal (en diante CCM), no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación das listas definitivas, toda a documentación que se indica na base 12 (Inicio do servizo) e entregar no comedor do centro escolar o Anexo 4 debidamente cuberto.
  - Aboar mensualmente a parte que lle corresponda do custo da praza de comedor
  - Comunicar o antes posible ao CCM correspondente a ausencia dos/das menores ao servizo de comedor, xa sexa de forma temporal ou definitiva (desistimento).
  - Comunicar aos responsables do comedor para o que obtivo a bolsa calquera circunstancia de índole alimentaria (dieta especial, alerxias, intolerancias, etc) que poida afectar aos beneficiarios da bolsa, quedando baixo a súa responsabilidade calquera incidente que se poida producir de non notificar esas circunstancias.
  - Cumprir con todas as obrigas establecidas nas bases desta convocatoria.

A persoa que asina declara que os datos que facilita nesta declaración son certos.

A Coruña, ..... de ..... de 20.....


Sinatura:

**CONSENTIMIENTO EXPRESO PARA A RECEPCIÓN DE MENSAXES SMS DE MÓVIL:**

(A sinatura desta autorización non exime aos solicitantes de cumprir os prazos establecidos nin as normas recollidas nestas Bases).

 SI  NON autorizo a que o Concello da Coruña me envíe mensaxes de móvil que conteñan información sobre esta convocatoria.

Co fin de cumprir o art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa que os datos recollidos pasan a formar parte dun ficheiro denominado "Becas comedores" cuxo responsable é o Concello da Coruña, cuxa finalidade é xestionar as convocatorias públicas de becas de comedor deste concello. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal deste ficheiro realizarase no rexistro xeral do Concello da Coruña nos termos que establece a devandita Lei.



## ANEXO 2

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao CONCELLO DA CORUÑA a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da convocatoria de bolsas comedor en centros escolares para o curso 2016-2017.

A presente autorización outórgase para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DOS EXERCICIOS 2014 E 2015**

**A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA ESTA AUTORIZACIÓN**


APELIDOS E NOME:	
NIF/NIE	SINATURA

**B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS COMPUTAN PARA O RECOÑECIMIENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (unicamente maiores de 18 anos)**

Parentesco co solicitante	Nome e apelidos	NIF/NIE	Sinatura

A Coruña, ..... de ..... de 20.....

NOTA.—A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao CONCELLO DA CORUÑA.



**ANEXO 3**

**IMPRESO DE DESISTIMIENTO**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI/NIE/pasaporte n.º .....,  
 e domicilio na Coruña, R/ .....,  
 CP ....., en calidade de pai/nai/titor (indicar o que proceda) dos menores .....

.....  
 beneficiarios/as do programa de bolsa comedor municipal, curso 2016-2017 no centro escolar  
 .....


Comunico aos servizos sociais do Concello da Coruña que os menores arriba mencionados deixan de asistir ao comedor escolar para o que tiñan concedida bolsa municipal, a partir do ..... (indicar data), polo motivo que se indica:

.....  
 .....  
 .....  
 .....

A Coruña, ..... de ..... de 20.....

Sinatura

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_



## ANEXO 4

Para entregar aos responsables do servizo de comedor do centro escolar no que estean matriculados os/as menores.

Este documento non terá validez sen o selo do Centro Cívico Municipal

Os/as menor/es: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Escolarizados/as no centro escolar: \_\_\_\_\_

Teñen concedida unha axuda para o pagamento do servizo de comedor para o curso escolar 2016-2017, cunha contía de: (marcar o que proceda)

\* Completa (gratuidade)      \* 80 €      \* Ata 98,00 €

Data prevista de incorporación: \_\_\_\_\_

Diferenza a aboar polos menores beneficiarios (se procede): \_\_\_\_\_

Outros conceptos (seguro de comedor, se procede): \_\_\_\_\_

A Coruña, ..... de ..... de 20.....

Sinatura persoa solicitante:

Selo do Centro Cívico Municipal:

2016/2266